	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	CODIF: <b>IT08-PC10</b>
---	--	--	----------------------------

## NORMATIVA DO PRÁCTICUM DO GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN DE OURENSE

### PREÁMBULO


A presente normativa redáctase ao amparo de:

- Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril, que modifica a Ley Orgánica 6/2001, de 21 de Decembro, de Universidades.
- Real Decreto 861/2010, de 2 de xullo, que modifica o Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Normativa específica da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de Grao.
- Resolución de 15 de outubro de 2010, pola que se publica o Plan de Estudos do Grao en Educación Social da Universidade de Vigo
- Real Decreto 179/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario.
- Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Sistema de Garantía Interno de Calidade
- Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo, aprobado polo Consello de Goberno de 24 de maio de 2012.

[http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Campus/reg\\_pract\\_externas.pdf](http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Campus/reg_pract_externas.pdf)

Segundo o Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, “as prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas Universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento” (art. 2.1).

O mesmo Real Decreto, arriba mencionado, establece que as prácticas curriculares configúranse como actividades académicas integrantes do Plan de Estudos do que se trate (art. 4.a).

	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN	CODIF: <b>IT08-PC10</b>
---	--	--	----------------------------

Segundo a Memoria de Verificación do Título de Grao en Educación pola Universidade de Vigo, “O practicum I e II son materias obrigatorias, seguindo as indicacións da Conferencia de Decanos e a tradición deste tipo de titulacións que, desde as súas orixes, non se conciben sen a realización de prácticas externas. Para a realización das mesmas hai un número suficiente de convenios con institucións, ONGs e entidades privadas.”

Nas fichas técnicas incluídas na devandita memoria, descríbense as competencias e os contidos que se esperan acadar coa realización das prácticas.

Os convenios establecerán o marco regulador das relacións entre o estudante, a entidade colaboradora e a universidade (art. 7.2 del Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro).

## **Art. 1.-OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**


1.-Esta normativa ten como obxecto o establecemento do marco no que se desenvolverá o proceso de xestión, organización, desenvolvemento e avaliación das prácticas externas curriculares da titulación de Grao en Educación Social da Universidade de Vigo, que constitúen o contido das materias Prácticum I e II, e que se leva a cabo en empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

2.-O Prácticum I e o Practicum II son materias de carácter obrigatorio, contempladas no segundo semestre dos cursos terceiro e cuarto da titulación. Consta, respectivamente, de 12 (300 horas) e 18 créditos ECTS (450 horas), das que 200 (en 3º) e 300 (en 4º) asígnanse ás prácticas en institucións externas (en función dos horarios da institución externa, o que pode flexibilizar esas cifras en mais-menos un 10%). As restantes computaranse nas actividades de: seminarios de iniciación previos ó inicio das horas en institucións, entidades e empresas externas; sesións de tutorización e seguemento do alumnado durante o proceso de realización do Prácticum, procedementos de avaliación das competencias adquiridas, así como o traballo autónomo do alumnado, necesario para garantir todos os aspectos anteriores.

## **Art. 2.-ORGANIZACIÓN DO PRÁCTICUM**

1.-Responsabilidade da organización

A xestión e organización das prácticas externas curriculares é responsabilidade da Comisión do Prácticum, co apoio técnico-administrativo do Servizo ou servizos correspondentes da Universidade de Vigo (servizos centrais ou do centro). A

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

orientación e seguimento do desenvolvemento das prácticas correspóndelle ás titoras e titores académicos, integrados na devandita comisión.

## 2.-Composición Comisión Prácticum

-A/o Decana/o ou persona en quen delegue, que actuará como presidente da Comisión.

-Coordinador/a/es do Prácticum.

-Titores/as académicos que actúen como tales no curso académico correspondente, eleixidos na Xunta de Titulación dacordo cos criterios aprobados na sesión da mesma do día 14 de novembro de 2011.

- Dous estudantes do Grao.

- Un PAS do censo do Centro.

## 3.-Responsabilidades das distintas partes implicadas:

### 1.-Comisión do Prácticum:

- Seguir as indicacións da Xunta de Titulación para a posta en marcha do practicum do curso correspondente.

- Avaliar o proceso do Prácticum e propoñer accións de mellora.

- Resolver as incidencias, tanto de carácter xeral como particular no desenvolvemento do Prácticum, que non estean contidas no presente regulamento.


### 2.- Coordinación do Prácticum:

- Manter as necesarias relacións de consulta e información coa equipa decanal en referencia a tarefas vinculadas á xestión, organización e procedemento do Prácticum.

- Informar ao alumnado do procedemento e desenvolvemento do Prácticum.

- Recoller e intentar dar resposta ás dúbidas que lle formule o profesorado da materia, os xestores/as e/ou titores/as das institucións ou o alumnado


- Coordinar a elaboración da guía docente do Prácticum.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

- Convocar a Comisión de Prácticum, dacordo coa Decana/o, cando sexa necesario, para garantir o procedemento contido nesta normativa, así como para resolver incidencias tanto de carácter xeral como particular, que poidan xurdir no desenvolvemento do Prácticum.
- Elaborar os documentos necesarios para a orientación, desenvolvemento e avaliación do Prácticum.
- Comunicar ao alumnado o destino no que vaia realizar as prácticas, así como a súa publicidade.
- Comunicar ao professorado, a relación de alumnado e institucións asignadas.
- Cumplimentar a acta da materia.
- Remitir a documentación necesaria ao Decanato co fin de que poidan cubrir os protocolos do SGIC, así como para emitir as certificacións de titoras e titores externos.
- Terá dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, dacordo á normativa interna.

### 3.-Titores académicos Universidade:

- Concertar as prazas nas institucións, empresas e entidades colaboradoras asignadas na reunión da Comisión do Practicum.
- Formar parte das Comisións mixtas coas institucións, contempladas no convenio correspondente, sem obriga de desprazarse no caso de centros que non se encontren no Concello en que se ubica o campus.
- Realizar as sesións previas ao inicio do Prácticum, informando e asesorando sobre os contidos e procesos das prácticas.
- Tutelar o traballo dos estudantes durante o período de realización das prácticas, mediante titorías específicas individuais e/ou grupais, presenciais ou virtuais, das que quede constância, polos medios que se establezan na comisión.
- Avaliar ao estudiantado durante o período de prácticas baixo os procedementos explicitados na guía docente e a recollida e valoración da memoria final do alumnado.
- Comunicar a calificación a coordinación nos prazos establecidos.
- Manter contacto e seguimento do Prácticum cos titores/as externos cara a avaliación do alumnado, solicitando a documentación necesaria, que incluírá os

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

informes intermedios, de considerarse oportuno, e en todo caso o informe final segundo os modelos establecidos pola coordinación.

- Cumplimentar os protocolos establecidos pola coordinación para o seguimento do desenvolvemento do Prácticum e para cubrir os protocolos do SGIC.
- Terán dereito ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, dacordo á normativa interna.
- O incumplimento sistemático dalgunhas funcións pode ser motivo de baixa no equipo de practicum.


#### 4.-Tutores externos:

- Acoller ó estudante e organizar a actividade a desenvolver dacordo ao establecido no proxecto formativo.
- Orientar, apoiar e supervisar as súas actividades.
- Coordinar co titor académico da universidade as actividades formativas, así como comunicarlle as posibles incidencias que poidan surxir no proceso.
- Emitir un informe final que conterà a avaliación do alumno. Se fose necesario e así se considerase, poderá emitirse un informe intermedio, que será enviado ó titor/a académico da universidade.
- Terán dereito:
  - Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade.
  - A ser informado acerca da normativa que regula o Prácticum, así como o Proxecto Formativo e condicións para o seu desenvolvemento.
  - Ter acceso á Universidade, a través dos tutores académicos e/ou coordinación, para obter información e o apoio necesarios para o cumprimento das súas funcións.
  - Aquelas outras consideracións e medidas específicas que a universidade poidera establecer de cara ao recoñecemento e incentivo do seu labor formativo.

### **Art. 3.-DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO**

#### 1. Dereitos:

- a) Á orientación, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor/a da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice a mesma.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

b) Á titorización por parte do coordinador do practicum e do profesor/a asignado, en calquera momento do curso, en que precise resolver dúbidas do practicum, respectando os horarios feitos públicos polos/as docentes.

c) Á avaliación dacordo cos criterios establecidos pola Universidade.

d) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.

e) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.

f) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.

g) A todos aqueles outros recoñecidos nas normativas universitarias de rango superior.

2. Asimesmo e, durante a realización das prácticas académicas externas os estudantes deberán atender ao cumprimento dos seguintes deberes:

a) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.


b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da universidade.

c) Manter contacto co titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio e a memoria final que lle sexan requeridos.

d) Incorporarse á entidade colaboradora da que se trate na data acordada, salvo por causas que non puidesen ser previstas, cumprir o horario previsto no proxecto formativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborales da mesma.

e) Desenvolver o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas no mesmo.

f) Elaboración da memoria final das prácticas e, no seu caso, do informe intermedio, así como calquera outra documentación requerida polo titor académico conforme á guía docente.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar secreto profesional sobre as súas actividades, durante a estancia e finalizada ésta.

h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara os profesionais, os usuarios e a política da entidade colaboradora, salvaguardando o bon nome da universidade á que pertence.

i) Calquera outro deber previsto na normativa de rango superior.

## **Art. 4 PROCESOS XERAIS DO PRÁCTICUM**

### **1.-Acceso:**

Poderá realizar o Practicum o alumnado matriculado da materia e, no caso de estar pendente de matriculación, poderá contactar coa institución, dacordo coas normas establecidas por esta, como alumno de materias preparatorias do practicum.

### **2.-Oferta de prazos.**

A coordinación informará na aula, nos taboleiros, e se fose o caso, a través doutros medios telemáticos, dos prazos previstos para a organización do practicum, indicando os enlaces nos que encontrar a relación de convênios que ten a Universidade para a realización do practicum, e os requisitos para solicitar centros cos que aínda non existe convenio.


### **3.-Asignación do alumnado aos centros de prácticas e as súas titoras ou titores académicas/os**

A.-Este proceso realizarase en reunión da Comisión de prácticas.

B.- Unha vez que o titor teña asignado o grupo de estudantes e os centros solicitados por eles/as, convocará as reunións oportunas co titor/a externo/a e co alumnado, para os acordos que corresponda. Para a asignación de institucións terase en conta a primeira opción do alumnado asignado. Em caso de procurar destinos novos non solicitados, poñeráo em coñecemento do coordinador, para incluír esa institución no listado e evitar que outras persoas fagan contatos coa mesma institución.

C.- De existir exceso de solicitudes para un centro, o profesor/a pode resolver mediante unha reunión co alumnado afectado, e no caso de non chegar a consensos, pode utilizar como criterios:

1. Ser de cuarto curso, preferencia sobre 3º.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E REVISIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS INTEGRADAS NO PLAN DE ESTUDOS. GRAO DE TRABALLO SOCIAL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p>	<p>CODIF: <b>IT08-PC10</b></p>
---	---	---	------------------------------------

2. Nota media do expediente académico.

3.- Número de créditos obrigatorios superados.

4.- Número de créditos totais superados.

D.- Para os restantes solicitantes desse destino, o profesor/a procurará un destino semellante dentro do mesmo ámbito non solicitado por ninguén. Para iso, o coordinador facilitará o listado total de solicitudes do alumnado.

E.- Sempre e cando sexa posible, e dacordo a orde de prelación resultante dos criterios anteriores, respetarase o lugar que o alumnado propuxera para a súa realización. Terán preferencia as solicitudes de primeira opción, sobre as seguintes, polo que unha segunda ou terceira opción dun solicitante, pode estar xa ocupada por quen a solicitou na primeira opción.

F.- Por causas alleas á vontade da Coordinación e do profesorado titor, a asignación de prazas pode ser obxecto de modificacións.

G.- O proceso de asignación de titoras/es académicas/os será o seguinte:

Seguirase o criterio acordado na Xunta de Titulación do 14 de novembro de 2011, Terase en conta no proceso de asignación de titoras e titores, a docência impartida, a formación académica, a práctica profesional, a actividade investigadora ou afinidade en relación á actividade ou especialidade de Educación social que se desenvolva nos centros de prácticas.

## **Art. 5. PROXECTO FORMATIVO E AVALIACIÓN DO PRÁCTICUM**

O proxecto formativo desenvolverase na guía docente da materia, dacordo á presente normativa e o plano de estudos da titulación, así como as actividades, mecanismos de seguimento e criterios de avaliación do mesmo, que incluírá a valoración dos informes dos/as titores/as externos, as actividades de seguimento e supervisión dos/as titores/as académicos, así como a memoria final do alumnado.

En todo caso, a nota final do alumnado virá dada pola valoración emitida polos/as titores/as das entidades colaboradoras, a avaliación do profesor/a, en función das actividades de seguimento, supervisión e a memoria final. Ambos dous criterios terán o mesmo peso na avaliación, sendo desexable unha puntuación consensuada nunha sesión final de avaliación.